



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

***CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A
ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORES (AGE) PARA A PARTICIPACIÓN E ASISTENCIA
ÁS FEIRAS INTERNACIONAIS DO LIBRO, PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E
CONSOLIDACIÓN DO SECTOR DO LIBRO E PARA O MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar convenio coa ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORES, por un período de vixencia que abrangue dende o 6 de xuño de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización de actividades de promoción e difusión do libro e da lectura, tales como:
 - Asistencia a feiras profesionais. Co obxectivo de visibilizar o traballo produtivo dos editores
 - Premios Gala do libro 2017. Nesta actividade faise un recoñecemento a excelencia do traballo literario realizado no ámbito editorial ao longo do ano 2016 en Galicia
 - No apartado de formación, a AGE organizará ao longo deste ano 2017 varios seminarios e xornadas formativas relacionadas cos aspectos mais salientables do ámbito produtivo e comercializador

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Asociación Galega de Editores é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión do libro e da lectura.

Polo que a Asociación Galega de Editores é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o de beneficiario da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante o asinamento dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2017

